

el tigo

N. 8303
30 cts.



AXÚDATE E O MENCINEIRO

----- PARRAFEOS ORIXINAES DE CHARLÓN Y HERMIDA -----



CÉLTIGA

NOVELA MENSUAL ILUSTRADA
FERROL

Jo

Director:

Jaime Quintanilla.

Segretario:

Fiz Álvarez do Castelo.

Administrador:

Manoel Morgado.

Gerente:

Ramón Villar Ponte.

REDAUTORES E COLABORADORES

Jaime Quintanilla, Antón Villar Ponte, Gonzalo López Abente, Manoel Lustres Rivas, Roberto Blanco Torres, Victoriano Taibo, Eugenio Charlón Arias e Manoel Sánchez Hermida, Ramón Cabanillas, Vicente Risco, Eugenio Montes, Antón Losada Diéguez, Manoel F. Barreiro, Manoel Antonio, José Castro Rodríguez, Nicolás García Pereira, Pedro Fraga de Porto, Valentín Paz Andrade, Ramón Fernández Mato.

PINTORES E DIBUJANTES

Alfonso R. Castela, Camilo Díaz Baliño, Imeldo Corral, Álvaro Cebreiro, Farruco Lamas, Carmelo, Bello Piñeiro, Valentín Castro, Jaime Prada, Manoel Abelenda.

O 6.º número de «CÉLTIGA» publicará a novelliña curta

A COSTUREIRA

Orixinal do poeta ferrolán NICOLÁS GARCÍA
PEREIRA, ilustrada por CARMELO.

A 30 CÉNTIMOS EJEMPLAR

no 2303

NÚMERO 5

AXÚDATE...

ESCENA ÚNECA

O treatro representa un paseo púbrico. Habará un
--- banquiño á dereita, e-outro á esquerda ---

PAROLA PIRMEIRA

GAITÁN, soldado d'infantería. Cando s'ergue o pano, estará falando c'un persoaxe que se supón entre bastidores, na derradeira caixa da dreita.

GAITÁN. — ¡Adiós meiguiña!... Xa sabes ó que che dixen... Bueno, non quero que te vexan con él... Non lles deas creto; falan d'enveja porque saben ó moito que te quero... Pasado mañán na Alameda... Mañán non poido, imos tirar ao branco... Por ise lado podes descuidar. . ¡Adiós ruliña!... (Vaise en direución do banquiño da esquerda) Mui boa me saléu esta Conseución. (Contemprando un paquete que traerá na mán) Cando á os sete días traím'estos papelorios, ó que é á volta de dous meses... ¿E que será? (Desenvolvéndoo) ¡Ai, nunca Dios me dera! ¡Qué mán de dulces! (Mete un na boca). E ista carta ¿qué traerá?... (Ábrea e saca un xaruto). O encabezo non é malo (Leendo no prego)

«Como tengo de santo al señorito y regaloume un peso del cual te mando como hay muchos convidados, una peseta pra que veas que testimo porque tengo mucho que hacer, pra que merques tabaco y ese cigarro que no pude hacerme con más. Pra mañana ya te guardaré un cacho de carne escalada que te gustará mucho. Tu Conseución». *¡Escalfada!*... Eso xa; como si esto non fora tamén. (Collendo a peseta de drento do sobre). Nin que lla eu pidira. Co-esta pesetiña, arrimada ás seis que teño forras, voulle mercar un presente á Milia pra que vexa que non-a esquenzo. ¡Ai, cánto me tarda collel-a licencia, pra me casar. A aquela sí que lle teño lei, ó mais á estas... Son de comenencia. Hai que ter quen mire por un, porque comer sempre rancho non viste ben, e ademáis hai que asegural-o tabaco pol-o menos... non queda outro romedio sinón faguelo asina... (Mete outro dulce na boca).

PAROLA SEGUNDA

GAITÁN, HERMINIO, qu'entra pol-a esquerda. Tra-guerá un coche de man, c'un pequeno drento. Vestirá pantalón caqui, chaqueta remontada, chaleque, colo outo e morceguís de regramento. Atravesará a escea e sentaráse no banquiño da dreita.

GAITÁN.—Ista cara non me é descoñecida... ¿quén será? O deño me fuxa senón parece Minio de Guisamo. Deixa qu-o vou saber. (Dirixíndose cara á él). ¿Tés ahí un mixto?

HERMINIO.—(Saca un do peto e dallo).

GAIT.—Tantas gracias. (Alcéndeo n'unha caixa que terá valeira). ¡Vaia un neno lindo!

HERM.—Toda la cara es de la señorita.

GAIT.—Logo, ten á quen semellar.

HERM.—¡Boh! Ainda que no tivese tanto, pouca perda era. Cando s'emperrencha, dan ganas de no sé quiacerle. (A o neno). ¡Si foras do meu tempo... ibas lovar cada tasconeo...!

GAIT.—Cala, home, cala; ten pacencia; tamén ti fuches neno e fariál-o mesmo.

HERM.—Si lo hícen, á naide l'imprica nada. Á mi non me carretó naide d'afuera, carretóume mi madre... pra iso casó con mi padre.

GAIT.—Bueno, hom bueno... Falando de todo un pouco, ¿ti non és de Guisamo?

HERM.—Soi, siseñor.

GAIT.—¿E logo, non me conoces?

HERM.—Yo, noseñor... por mais que su cara párceme que la tengo visto n'algún lado; pro, abofé que no hago mamoria.

GAIT.—¿E non seréi Gaitán o dos Pontigos?

HERM.—¡Afeitivamente! El hijo de... Trincabincajos.

GAIT.—O mesmo.

HERM.—¡Ai, cuánto m'alegro por te ver! ¿Y qué tal?

GAIT.—Eu ben, ¿e ti?

HERM.—Tocante á saúde no tengo quega, pro... ando llevado de los demoros.

GAIT.—¿E logo, qué che pasa?

HERM.—Que m-ha pasar, hombre, que m-ha

pasar ¿no ves?... Esto de ter que arrolar n-os hijos de otro...

GAIT.—Cando se vai servir á o rei, xa se sabe que non é ó mesmo qu'estar na casa dos nosos pais.

HERM.—Pro se non me quejo por servir al rei; pro, isto de ter que servir á o demo.

GAIT.—Ten pacencia e non t'escorras da lén-go. Non vaia ser que... xa m'entendes.

HERM.—¿Logo, non teño razón?

GAIT.—Qué vas á ter, si tí és coma min. (Amostrándolle o uniforme).

HERM.—Tamén tés razón.

GAIT.—Agora faláchelo todo. ¿E cándo viñeches?

HERM.—Vai pra cinco meses.

GAIT.—¿Caraina! Calquera dí que levas cinco anos.

HERM.—¿Y luejo?

GAIT.—Estás moi desamellado, e na fala moito mais.

HERM.—Non lo creas: és que na casa no quieren que fale en gallego.

GAIT.—¿Sabes que ten gracia? ¿Agora dime tí que mais lles dará?

HERM.—Ya ves, por culpa de los pequenos; por lo visto se les aprega mucho, y según ellos din, no quieren que se hagan brutos...

GAIT.—Con que brutos, eh! ¡Vaia pol-as ánemas! ¡Qué teñamos que ouvir estas xudiadas, éche moito conto! Había que perguntarlles de que terra eran eles.

HERM.—No te penses, que ya me chamó la atención; no por parte de la señorita, que al fin y al cabo no es gallega, que nació n'El Ferrol. De quen m'estrana es del amo, hijo legitimo de Monforte; me cuesta á mí.

GAIT.—¿Ti que me dis?

HERM.—Lo que te conto.

GAIT.—Amiguiño; d'ese xeito non hai qu'asañarse porque os de fora digan certas cousas de nós, cando na casa temos descastados que non cumpren, siquera, ó que Dios manda no cuarto mandamento.

HERM.—Eu comprendoo, pro non lles vou leval-a contra.

GAIT.—D'iso xa estou de volta; mais entre compañeiros, debemos ser sinxelos e agarimosos, e nada millor que a nosa fala pra istas duas cousas. Conque procura falares como deprendiches pra que naide teña de que rir. E ademais, pr'as escolas que nos dan, faguémolo tan ben com-o pirmeiro.

HERM.—Iso é ben certo.

GAIT.—E non vai ser. ¿Haberá naide, capás de inventar falas e costumes que teñan taes engados? ¿Qué cousa haberá mais bonita que a nosa terra?

HERM.—¡Xa cho creio!

GAIT.—Mira tí; estou agardando pol-a licencia como pol-o pan pra a boca. Cando me vexa na casa, ali, á o rente dos meus velliños; preto d'aquela neníña que quero tanto, ¡qué feliz vou á ser! ¡Qué ledos días m'agardan!... Cándo vaia ós romaxes en compañía dos mozos do meu tempo...

HERM.—¡Oi, oi, oi! Qu'enganado vas. Si ese camiño levas, vas atopáreste con cara de pau.

GAIT.—¿Por qué? Eu de que sepa, nunca mal lles fixen.

HERM.—Non cho digo por eso, dígocho porque en toda a parroquia non s'atopan mais que vellos e vellas; hastra rapazas, soilo queda algunha que outra. Todos fuxen á fame.

GAIT.—¿E logo? ¿Houbo peste?

HERM.—Houbo, haina e haberaia; e pol-as trazas aínda vai pra longo.

GAIT.—Pro ¿non quedou semente tan xiquer?

HERM.—Quedou, hom, quedou, mais éche moi cativa. Os únechos que collen boa anada sonche o crego, o sacretario, o médeco, e algún que outro lampadoiro d'eles; hastra ao sancristán parece que non lle pinta mal.

GAIT.—¡Canté! Logo non é a peste qu'eu pensaba.

HERM.—Non. Penso de mín qu'aínda é mais moura.

GAIT.—Eso xa; tanto é asina que non entra no froito hastra dempois da recolleita.

HERM.—¡Gaitanciño! D'un ano pr'acó está aquilo que non se coñece: parece un cadaval. Falta a xente moza pra o traballo, e...

GAIT.—E con eso amáñase todo, ¿non? Pois mira: eu comprendo que é mester fuxir pra outras terras onde traballen pra vivir; mais tamén recoñezo que non debíamos deixal-os vellos soilos, porque nosoutros, a xente moza, somol-os chamados á reclamal'o que por xusticia nos pertenece.

E si por culpa de catro zánganos imos deixar á nosa terra á manga do demo...

HERM.—Sí; ti ben falas; pro... vaite por aló con esas andrómenas. Logo t'envolven n'un espe-dente, e métente n'unha trapela que nunca mais home és na tua vida.

GAIT.—Pois mira, eu...

HERM.—Agarda un pouco, que vou ver si li-xugou o pequeno. (Recoñece ao neno pra ver s'está lixado).

GAIT.—(Contemprándoo c'unha surrisa compasiva). ¡Ai, Herminio!

HERM.—¿Qué che pasa?

GAIT.—¿Sabes qu'estou vendo?

HERM.—(Mirando ao neno con certa aquela). ¿E qué...?

GAIT.—Non; non é nada d'eso. É que tes que deixar ese choyo; non me gusta nada pra ti.

HERM.—Eu deixaba, pro quen poidera.

GAIT.—Si non podes é porque non queres.

HERM.—D'eso mesmo tratéi onte co'a señorita, e ¡nunca tal fixera! Contoullo ao señorito y-en-trambos armáronme unha festa, que houbo risa pol-as canavetas.

GAIT.—¿E qué trato era?

HERM.—Nada. ¿Non coñeces á unha veciña nosa que ven sendo filla do Rascado?

GAIT.—Coñezo.

HERM.—Pois perguntei si me deixarían *per-mutar* co ela.

GAIT.—Pro tí tolcas!

HERM.—Non sei por qué.

GAIT.—¿Non comprendes que non pode ser?

HERM.—Ise é outro cantar; pol-o demais párceme que non iba fora de camiño.

GAIT.—Non home, non; esas cousas non se fan asina. Eu tamén pasei o meu ano de quinto, pro sempre tiven retranca pra fuxir d'esas mariadas.

HERM.—¿E cómo t'amañabas?

GAIT.—Verás: Cando vin pra o servicio e asina qu'estiven caído n'astrución, fun d'asistente pra casa de un capitán comendante que tiñamos na compañía. Bón home por certo, non desprezando á os demais; pro estaba casado c'unha señorita que nin Xudas paraba con ela.

HERM.—Faría como a miña, que ¡ten un xenio!

GAIT.—Non, pol-o xenio aínda podía pasar; pro tiña un defeuto pior. Era limpa como unha prata.

HERM.—¿E chámalle defeuto á iso?

GAIT.—Craro, si o encargado da limpeza era eu... Todo o día me tiña com'un argadelo. Pol-a mañán, tan presto chegaba, á carrexar auga, hastra deixar todo cheo. Dempois, fregar de verdadeiro. De contado á praza con ela. Cando estábamos de volta, tiñalle qu'axudar á cociñeira e así que tiñamol'a comida amañada... mandábanme á o coartel á comel-o rancho.

HERM.—¡Vállacha xúcaras! Pois eu estou á mantido, e si non como mais é por culpa d'unha cociñeira...

GAIT.—Déixame romatar. Agora verás o tra-

ballo das tardes. Os luns, miércoles e viernes, tiña que fregal-as escaleiras e o coarto da cociñeira. Os martes, o hul do comedor e o pasillo. Os xoves limpeza de metás...

HERM.—¿De metás, dixeches?

GAIT.—Sí, tal como sellas, tinas...

HERM.—Xa comprendo. Sigue.

GAIT.—E os sábados tocáballe en vez á sala.

HERM.—¡Arre coiro!, qu'ainda tiñas trafego.

GAIT.—O día qu'entréi xa me leeron a sentenza, por certo que me sentou como si me deran c'un zoco nos dentes. E caléi com'un peto, dando todo por ben feito.

HERM.—Eso xa, que remedio queda.

GAIT.—Non-o penses. O pirmeiro día fixen ao pé da letra todo canto me mandaron. Pro, ¡si vi ras! cando romatéi no-nas tiña todas connigo. Funme pra o coartel e toda a noite boteina cavilando no modo de me largar d'aquela casa.

HERM.—¿E qué? ¿Saliches co'a túa?

GAIT.—Agarda e déixame acabal-o conto. Ao seguinte día pol-a mañán, fixen o meu labor o millor que Dios me deu á entender; mais pol-a tarde chamoume a señorita—«Calletano»—Mande vostede.—¿Sabes tu obrigación de hoy?—Sei, siseñora. Os sábados, limpeza de sala.—Muy bien. Escucha; vamos salir de visita, a ver si cuando vengamos tienes todo listo.—Precurarei.—Anda, que te hé de regalar media horita para que vayas de paseo.—Tantas gracias.—Ah. Escucha; que no quede polvo por los rincones, ¿sabes?—Está ben siseñora, descoide». En canto se foron, collín a

ferramenta e fúnme pr'a sala y-asina que me vin ali, dixen pra-o meu chaleque «aquí te quero escopeta» e, man a-o choyo. Comencei pol-o peano; collin un freganzo con aréa e dinlle unha fregueta por drento e por fora... que habia que velo.

HERM.— ¡Pro abofellas!...

GAIT.—Non che minto nin esto (Estalando a uña do pulgar nos dentes). Despois, á uns xoguetes de Talaveira que tñan por ali estrados, dinlles unha limpeciña con lixa y-aceite...

HERM.—(Santiguándose) ¡Arrenégote pecado!

GAIT.—E por último; c'un cepillo e xabrón, fregueille o alfombrado da sala. ¡Si viras cantá escuma faguía! Soilo me faltou pasarll'a navalla da barba.

HERM.—¿Pra qué?

GAIT.—Pr'afeitala.

HERM.—Si pro dempois, afeitáronte á ti.

GAIT.—Non-o penses; saléume todo á pedir de boca. Cando chegaron eles, atopáronme n-o fregado e... ¡María Santismiña! bótase á min a señorita, o mesmo que un can de palleiro e... pensei que m'esgadufaba.

HERM.—Non era sin razón. ¡A quen se lle contel!...

GAIT.—N-esto intermediou o señorito con auga d'azar e vinagre pra faguela volver en si; dempois conformóuna dicíndolle qu'eu non estaba bó da cabeza e... ¡vaiche boa! De castigo botóume pra-o cuartel, qu'era o qu'eu buscaba, contoull'a miña trasnada ós compañeiros, e por último, xa non houbo naide que me quixer d'asistente.

HERM.—¡Caraina! que tiveches sorte ¡Quén poidera faguer outro tanto!

GAIT.—Ánemo, que o remedio telo n-a man.

HERM.—¿Sabes á quén lle faguía unha boa falcatruada? A cociñeira; á esa sí que lle teño ganas.

GAIT.—¿E por qué?

HERM.—Cala por Dios... Mátame á fame. Non sei que xúcaras fai da comida, porque todo canto vé, apaña. ¡Faime pasar mais leste!...

GAIT.—¡Ai, que sacabeira! ¿E tí que fás que non-a atrás á-o rego?

HERM.—¡Quén puidera!

GAIT.—D'algún xeito tes qu'amañarte ¡asina non estás ben!

HERM.—Home, non. Inda oxe me fixo unha... Mira, val mais calar.

GAIT.—Logo ¿non se pode saber?

HERM.—Si, home, si; pro cada vez que me lembro póñome d'un xenio... Si non fora porque non me é dado ¡xuro á Dios!...

GAIT.—Conta ó que foi.

HERM.—Pois verás: Oxe está de santo o meu amo e convidoume c'unhas copiñas e doume un papelorio de dulces y-un puro...

GAIT.—(Algo sorprendido). Bueno ¿e qué?

HERM.—Que namentras fun pol-os bolos do almorzo, escorrentoume dulces e cigarro. Agora dime que fago de min.

GAIT.—Tate, tate. (A ver si son os meus).

HERM.—Si me deras un pito, estimábacho ben.

GAIT.—Non che teño; aínda non-os merquei;

pro. . . si queres picar un pouco tabaco d'este cigarro que me deron (Dándollo con intención).

HERM.—Dios cho pague. (Recoñecendo no cigarro). Mira o que son as cousas: si non fora que és tí, era capaz de xurar que este é o que me roubaron.

GAIT.—Pode ser, e non ser milagre.

HERM.—Perdóa que non cho dixen con mala ideia; e mais abofé si non é pintado.

GAIT.—(Non hai volta que darlle, é o compañeiro de Conseución).

HERM.—Bueno, e tés papel?

GAIT.—Non; á non ser que queiras un anaco d'este paquete (Pol-o paquete dos dulces).

HERM.—Traimo; co-as ganas de fumar que teño, non hei roparar en finuras.

GAIT.—(Vou desenganalo porqu'esto é un cargo de conciencia).

HERM.—¿E que levas ahí?

GAIT.—Levo unhas. . . d'esto. . . ¿cómo lle chaman? . . . Mira, desenvolve e dempois saberalo. (Ouservandó).

HERM.—¡Ai, nunca eu nacera! ¡qué vexo!

GAIT.—E que has de ver; dulces. . . ¿por qué?

HERM.—Porque estes si que son os meus: Cuasemente, eiquí tés este canastrillo encetado, que foi o úneco que probei cando mos deron.

GAIT.—Non te poñas súpeto e imos crareal-o conto.

HERM.—Como non m'hei de poñer dempois do qu'estou vendo.

GAIT.—Ten calma y-escoita. O que te vexa asina, coidará calquera cousa.

HERM.—Déixame de contos; cando están na tua man, por algo é.

GAIT.—Atende Minio; déixame falar. Esto y-algo mais que teño n-o peto, regalóumo a miña rapaza.

HERM.—¿Quén, Conseución?

GAIT.—Eso é.

HERM.—Logo, ¿tí es mozo d'ela?...

GAIT.—Si, home, si ¿qué ch'estrana?

HERM.—¡Vaya, oh! nunca ó pensei de tí. Calquera se fía de naide.

GAIT.—E volta a-o mesmo. ¿Non comprendes que si eu soupera tal, precuraria tapal-o conto dend'o seu encomezo?...

HERM.—Tamén é verdade. Tes que me disimular, tan escaldado estou que non sei ó que fago.

GAIT.—Pra que vexas que t'apreceo, himos faguel-o romédio; pro, non temos que sabelo mais qu'os dous.

HERM.— Si por iso é, xa está feito.

GAIT.—Escoita: Pasado mañán, vou á berrar co-ela.

HERM.—Agradézocho de veras, pro... si llo ha dar á outro larpeiro, quero millor que cho dé á tí.

GAIT.—Atend'home, atende. Voulle decir qu'estou celoso; voulle chamar ¡desleigada!, que parece mentira; que nunca ó agardei d'ela; que si te quer, é porque teus pais son ricos porcos, e por que sabe que tés montes e moréas, e porque és o úneco herdeiro d'un tío moi rico que tes en... Y-ademáis que m'enterei por boa tinta de que tí estás toliño por ela.

HERM. — ¡Diol-o faga pol-o millor!

GAIT. — E por último dígolle qu'en vista d'isto pra mín romatáu.

HERM. — Nunca perdes das tuas: És un argalleiro do demo.

GAIT. — E ti, tan presto teñas modo, á ver que xeito te dás pra faguerll'as veiras.

HERM. — Non sei que che diga; váiseme faguer moi costaneiro.

GAIT. — «Non hai atallo sin traballo». Oxe e mañán non che dará creto y-hastra dicirá algunha que outra mala resposta; pro ti, sigue sempre co-a mesma trécola, e runfas canto poidas: xa verás...

HERM. — O conto é que dempois non quedémol-os dous en branco.

GAIT. — Non-o penses: En canto eu rife con ela e s'entere de que ti és unha boa comenencia... ¡Avomaria! D'ese pé coxéan total-as mulleres. Teño a seguranza de que pasado mañán non-a coñeces de tan manteigosa que vai estar contigo.

HERM. — ¡Si Dios t'oirá!...

GAIT. — Á volta d'un mes, cambéas de pelo de tanto como te vai cebar.

HERM. — Falla fai que sinón... Dendes que vin prá casa, tiven que lle faguer tres golletes a-o cinto.

GAIT. — Axúdate; non sexas tonto e non perdas nada...

HERM. — Asina e todo: Si ves que che fago mal avio, mirao ben que aínda estás en tempo. Non quero que dimpois che pese.

GAIT.—¿Seique tes gana de leria? ¡Vaia un favor que me fas! Por nada do mundo lle fago unha mala partida á naide, e menos á un veciño; conque xa ó sabes, fás como che dixeran, e polo demais podes vivir tranquilo, que ¡asi eu medre! como vas papar unha vida ó mesmo que un crego.

HERM.—Non te podes dar conta de canto cho estimo. Si non tiveras moita presa, iba leval-o pequeno á casa e volvía n'unha corredela; pois oxe teño intrés en que m'acompañes á valeirar unha botella de viño.

GAIT.—Déixate d'iso, ¿pra que t'has de meter en gastos? Conmigo quedas á ben sin gastar un carto.

HERM.—Ben-o sei, pro, non teño necesidade de mercal-a...

GAIT.—¿E logo?

HERM.—Como son o encargado de ir á tenda, sempre se pesca algo ¿m'entendes? Xa que non dan viño á comida...

GAIT.—Ben feito, estás no teu deber; y-o que sexa tonto Diol-o mate. E xa que tés ese gusto, mollaremos a palleta, como dí o gaitero.

HERM.—Eso é... Mais, agora que me lembro, estou pensando unha cousa.

GAIT.—Ti dicirás.

HERM.—Atende: O asistente que tiñan antes n-a miña casa, tamén fora mozo da cocifeira qu-había cando eu entrei.

GAIT.—Bueno ¿e qué?

HERM.—Qu'en canto s'enteraron os señoritos, chimpáronno pra-o cuartel: Así é que si conseguí-

mos o noso; primeiro repóñome do perdido e dempois... con faguer que s'enteren dos nosos amores, xa está todo amañado, porque de seguro me farán tres cartos do mesmo.

GAIT.—Mira por canto vas á matar dous paxaros d'un tiro. Xa ó dixo Noso Señor: «Axúdate qu'eu ch'axudarei».

TELÓN



O MENCIAÑEIRO

ACTO ÚNECO

O treatro representa un lar de casa probe. Á dreita a porta do curral. Á esquerda un alzadeiro con cuncas, botellas, cacharros, etc.; a porta do sobrado. No fondo, dreita, unha ventán que da á horta. Esquerda, a pedra do lar c'un pote pequeno ô lume qu'estará aceso. Dispostos pol-a escea haberá dous tallos, unha silleta vella, un pé de ferro pr'amañal-os zapatos, unha artesa e algunhas ----- ferramentas de labranza -----

PAROLA PIRMEIRA

VALENTIN.—Mozo que viste de xeito achulapado; levará n'unha man un par de morceguís novos, e na outra unha panugada na que se supón un par de formas de zapateiro. MIRIXILDO.—Vello d'uns sasenta e tantos anos. Entra c'un manoxo d'herbas.

VALENTIN.—(Entrando). Tío Mirixildo... (Pausa). Sei que non está na casa. (Chégase á porta do sobrado e berra mais forte). Hou, tío Mirixildo...

MIRIXILDO.—(Entrando pol-a porta do curral). ¿Quén anda ahí?

VALENT.—E vosté deixa a casa soila?

MIRIX.—Hola, Valentín... ¿E qué milagre?

VALENT.—Milagre ningún; pro, xa vé...
Cousas que pasan.

MIRIX.—¿E qué tal? ¿Xa estás bó?

VALENT.—Estou, si, señor; fai catro días que traballo.

MIRIX.—Boeno, hom; alégrome que non fora cousa de coidado... ¿E que tras de novo?

VALENT.—Viña catar un anaco de cera pr'os cabos.

MIRIX.—Agarda un lemento namentras poño á cocer estas herbas, ¿sabes?

VALENT.—E logo, quen está malo?

MIRIX.—O tío Alexandre da Tripeira; o probe anda tomado da rabadén e voulle amañar un pouco de aceite pr'as misagras.

VALENT.—Boh... Por moito aceite que lle vote... A menciña que ll'eu daba á ese era xarabe de xesta...

MIRIX.—Non sexas asina. Qué mal che fixo?

VALENT.—Si non mo fixo él, fíxomo o fillo, que ven sendo a mesma conta.

MIRIX.—E como queres a cera; ¿branca ou moura?

VALENT.—Mire; póñame unha de cada.

MIRIX.—Estas lévalas, coma sempre, en dous patacós; pro pra outra vez xa sabes que che custan un real; sabes?

VALENT.—E por qué?...

MIRIX.—Este ano anda a peste nas colmeas e fuxen moitos enxames.

VALENT.—Boeno logo... (Dándolle os cartos).

MIRIX.—(Colléndôs). Que presa tés?... Aínda

que me non pagaras hoxe, quedábamol-o mesmo. E volvendo ô bó do conto. Non debes botar en contra do tío Alexandre; él non ten culpa do que fai o fillo; e a mais, á mín dixéronme que foras tí o causionante.

VALENT.—Mire; eso, deixémol-o á un lado. A mín ó que mais me irritou foi apañal-os paus e, de contrapeso, ter que gastal-os cartos.

MIRIX.—En qué?

VALENT.—Vosté o sabe?

MIRIX.—Eu non, meu sol...

VALENT.—Pois eu tampouco.

MIRIX.—Conta, conta... á ver...

VALENT.—Pois verá. Cando foi da agarrada, tivéronme que levar n'unha escada pr'a casa; e quer vosté creer que xa estaba agardándome o larchán de D. Xeneroso, o médico do Auntamento, pra me faguel-a cura...? Eu non sei quen diaño lle leva os contos... N'esto, mandou que me meteran no leito e doume unhas friticiós con caña que coidei de adoecer.

MIRIX.—Pro por eso non cobraría moito.

VALENT.—Eu non-o sei. O conto é que, pra que non fora a cousa ô xusgado, houbo que tapar-lle a boca con corenta e oito pesos; eso sendo eu o agraviado, que si acerto á ser eu o que da os paus...

MIRIX.—D'aquela sálvaste, que lle tocaba de pagar ô outro.

VALENT.—Vosté seique non forma?

MIRIX.—Quén, hó? Eres moi novo e non estás caído n'istas bértolas. Non comprendes que si ti-

veran que pagar os que dan os paus acabarianse as zaragatas e...? Tí m'entendes...

VALENT.—Entendo, señor, entendo. Pro iso non é lei...

MIRIX.—Home, non digas... Mira que corenta e oito pesos xa teñen unha pouca...

VALENT.—Teñen, señor, teñen...

MIRIX.—D'estonzas, pra que te queixas?... Pra outra vez xa ó sabes. E, á mais, un rapaz do teu estilo non debía larpal-as tan á miudo.

VALENT.—Non, pro hastra agora sempre me cadrou asina. E xúrolle que, ás ganas que lle tiña, pegáballe catro tiros. Salvóuno a miña serenidade, que si non saquei o revólvre foi porqu'era novo e aínda non teño moita confianza n'él.

MIRIX.—De maneira que válgalle a tua serenidade, eh?...

VALENT.—Asegúrolle que si él tivera outra tanta...

MIRIX.—Eso xa... Non che había de estar moi contento o médico. Boeno, hom, boeno. A conta do pano adeprende o xastre. E si queres vivir tranquilo, procura non te meteres n'outra.

VALENT.—Si, pro... quen pensaba tal? A min parciame que me iba ter medo.

MIRIX.—E dariache algún golpe mal dado?...

VALENT.—Non, señor.

MIRIX.—De maneira que non te sintes de nada?... Comes ben...

VALENT.—Por qué me dí eso?...

MIRIX.—Non vaia sel-o deño que teñas algo caído e te vaias de mal cansado; xa non é o pir-

meiro... Unha vez, uns rapazotes de Piñeiros tundaron n'un fillo do tío Carmelo da Faisca (qu'en groria esteña), e, *amigo del Señor*, non se quixo guiar por mín e o probiño morreu, de alí ós seis anos, de resultas das tundadas. E sin ir mais lonxe; Ramón da Retorta, qu'está san e salvo e cho pode decir. Ese, gracias á mín, está n'este mundo. Cando me chamaron pra ir menciñalo, xa estaba c'un pé na sepultura de resultas de un pau que levou na táboa do peito. Mira tí como estaría que, cando cheguei cabo d'él, xa o encamiñaran *pra entregar su alma al Señor*; e, ós quince días de poñel-o da miña man... O vello me fuxa... si non foi botar un pasito ao baile de Nacoreto. E coma este, moitismos...

VALENT.--Sabe que me puxo algo aprensible...

MIRIX.—Eso, como vexas; si queres, mírote, qu'eu por iso non che cobro un carto.

VALENT.—Si me fixera o favor... Con esas cousas que contou, parece que non estou tranquilo.

MIRIX.—Non teñas medo. En caso de que tiveras algo, douche palabra qu'en vintecatro horas póñote como un reló... Vaia... Séntate no chán... (Este xa caeu)... Estira as pernas e xunta ben os pés... asina... Boeno. Agora dame as maus e deixa os brazos mortos... Upa... (Cólleo pol-os dedos e míralle ô longo dos brazos)... Ai, meu Valentiniño... Bendita seña a hora en que Dios te trouxo... (que me val duas pesetas).

VALENT.—(Asustado).—E logo, que teño?

MIRIX.—O que eu me maxinaba dendes que te vín. Tes caída a paletilla e mail-o calleiro.

VALENT.—Moito?

MIRIX.—Unha mau ô través (Amostrándollas). Mira como te deixaron... Esto pra que se meta un nas maus dos médicos... E non te descoides que pode resultarche cousa mala. Total, por oito reás non che val a pena...

VALENT.—Aínda que fora un peso. O que eu quero, é que me poñan ben...

MIRIX.—D'aquela... Erguémosla?

VALENT.—E mais bula axiña, que xa non-as teño todas connigo.

MIRIX.—Pero ben... Eu che non quero o peso... sabes?... Con duas pesetiñas xa tes pago...

VALENT.—Vosté quéreas agora?

MIRIX.—Non... Que mais da...

VALENT.—Si as quere, tómeas, (dándollas).

MIRIX. (gardándoas)—Que terco eres. Si non mas podes dar hoxe, dasmas cando poidas...

VALENT.—Moi bó avío non mo fai...

MIRIX.—Estén caladiño que vou encomenzar. Tes qu'estar moi quedo, sin facer movición ningunha. (Saca un naipe, e dempois de baraxalo). Tira d'unha carta co-a mau esquerda. Qué che saléu?...

VALENT.—O tres d'ouros.

MIRIX.—Ben; pois hai que dar tres cuadas no chan.

VALENT.—Moi fortes?...

MIRIX.—Un regular.

VALENT.—Déamas con coidado. Como estiven estos días sin traballar...

MIRIX.—Xa t'entendo. A ver... Unha... duas... e tres. Qué tal?... Magoeite?...

VALENT.— Un regular.

MIRIX.—Boeno; pois agora déixate estar asi-na e non te movas qu'ímola tragner o seu. Chámaste Valentín....?

VALENT.—Pandado Dopico.

MIRIX.—Dopico Pandado Valentín ten caído a espinilla, paletilla, asadura, calleiro. (Segue falando en voz baixa)... non é pol-o meu poder nin pol a miña sabiduría. É pol-o poder de Dios i-o da Virxen María. (A Valentín). Un padrenuestro e un avemaria. (Rezan os dous). Boeno. Agora, trai as maus. (Volve á medirlle os brazos). Ves, meu santiño, como xa veu ô seu (Amostrándollas).

VALENT.—Vaia, señor... Parés cousa de meigueiria. Si non-o vira, poñiao en dúbida.

MIRIX.—Esto non-o saben faguer todos, pois tí ben ves que non hai trampa. Logo que digan os médicos que tal e que cual.

VALENT.—E qué? Xa vou listo?...

MIRIX.—Agarda. Agora hai que asentala. (Bota n'un vaso auga d'unha botella). Vas á tomar tres tragos de auga bendita. Tres soilos, sabes? Non-os botes moi grandes que vai de romate.

VALENT.—Arre, xuncras... que mal sabe...

MIRIX.—Non digas eso, que ten moita virtude. Esta i-auga, onde a ves, é da mensión de fai dous anos. (Bota as sobras n'unha botella). Agora érguete á modiño, i-en canto chegues á casa, méteste no leito e déitaste de pachena hastra mañán que veñas por eiquí pra asegurala en firme, sabes? E trasme dous realifios, pra que vexas que non son roparado; sabes?

VALENT.—Boeno, e qué... Han ser moitos días?

MIRIX.—Non, ho, non... Mañán quedas listo co-a axuda de Dios.

VALENT.—Destonzas, hastra mañán.

MIRIX.—Adiós, rapaciño. Supoño que non faltarás, pol-a conta que che ten...

VALENT.—Perda coidado.

MIRIX.—E tí vaste sin a gorra?...

VALENT.—Seique non-a vé.

MIRIXIL.—(Achegándose). Non é moito, meu santiño. (Colléndolle a boina da cabeza). Ay, qué cousa mais cuca... E parece un xoguete. Embebeuche, n'é verdade?...

VALENT.—O qué, señor... Si aínda merqueina a semana pasada.

MIRIX.—Entón non che alcanzaron os cartos pra mercala mais compreta?

VALENT.—Non, señor, non; agora estílanse asina.

MIRIX.—Que queres que che diga. Éche un estilo ben probe. Estas puchas cando eu era mozo, soilo as usaban os rapaces que tiñan mala sona e que andaban con certa cras de tropa bailando eso que agora bailan todos.

VALENT.—Vosté qu'entende.

MIRIX.—Tamén tes razón.

VALENT.—Boeno, voume. Hastra mañán.

MIRIX.—Adiós. Mira que non faltes, porque si non... (aparte), quedo sin compretal-o medio peso.

PAROLA SEGUNDA

MIRIXILDO, sô. Chégase á cociña, quita o pote do lume i-escorre as herbas n-unha cunca.

MIRIXILDO.—Vaite mozo, que me gustas ben... Eu non sei que pensa esta rapacería de hoxe; pra mín que debeu de pampear. Vaia unha vestimenta pra un rapáz decente. Mesmo da noxo velos. Non teñen mais afán que de mercar navallas, desfaguer bailes, enganar á catro rapazas que son tan paxaronas coma eles, e chega un día en que atopan c'o seu dono; larpan unha de paus que Dios toca á xuicio... e boa vai. Eu con iso nada vou perdendo; sempre se cai algo... e ós outros, con andar amañando, ou ó que sexa, n'estas zaramalladas, tampouco lles pinta mal; pro, bueno... aló... Vou perparal-a menciña, que me ten mais conta. Ha de estar á chegar e non quería faguela diante d'él. Como lle dín tanto méreto... Co-a i-auga d'estas herbifias xa non nota o cheiro do vinagre... Ben... Pr'as fregas xa temos; agora vou porparal-o ingüento das xuntas. (Bota as herbas nunha cunca de pau). Voulle botar un pouco de pingo de porco... e trampa adiante. Mal non lle ha faguer co'a axuda de Dios; ademáis, namentras que da as fregas, ben lle vai... A menciña pra cural-o eu ben sei cal é. Pr'a velléz, unha ducia de muñicos de terra fresca, e queda un como novo... Vou ver si romato de amañal-os zocos que é ó que me ten mais conta agora. (Séntase

nun pé de ferro e ponse a pecear n'uns zocos vellos). (Cantando).

Non hai home coma Dios,
Nin muller como María,
Nin amigo com'os cartos,
Nin lus coma pol-o día.

(Contemplando os zocos). Xa van de romate. E mais non-o fixeron mal de todo. Dios teña na groria á quen mos deixou...

PAROLA TERCEIRA

MIRIXILDO i-o crego DON SILVESTRE.

SILVESTRE.—Dios entre eiquí.

MIRIXILDO.—I o deño na cás dos frades (Con sorpresa) Ai, . . . D. Silvestriño; disimule que non-o dixen de mala fe. Esto élle un dicir, sabe?

SILVEST.—Boeno, hom, boeno. . . Qué mais da. Déronche un recado meu?

MIRIX.—Deron; si, señor. Cuasemente estou amañando nos zocos pra ir aló.

SILVEST.—Mira que non faltas. Está á porta o patrón das Somozas e non é cousa de perdel-o por culpa da besta.

MIRIX.—Non faltaba mais. Xa sabe qu'estou aquí pra servil-o no que estefia na miña mau; tanto pr'a besta, con perdón, coma pra calquera dos da casa; esto, sin intrés de ningunha clás, sabe?

SILVEST.—Boeno, hom, boeno. Xa cho terei en conta pra cando teñas algo que me pedire.

MIRIX.—Pro, logo; de que se queixa o animal?

SILVEST.—Eu non che sei. O conto é que non

come e que non ten acio ningún. Todo o día o bota deitada.

MIRIX.—Halle ser trancazo, pro, xa veremos. Namentras non-a vexa non poido asegurar en firme. Pode que teña que gardar cama dous ou tres días.

SILVEST.—Gardar cama?... Nunca tal oín na miña vida.

MIRIX.—Gardar cama, cuasemente, non; pro haberá que percurar non sacal-a da cuadra.

SILVEST.—Cando a vexas, xa dirás ó que fai falla.

MIRIX.—Pode dar que non me engañe. Vina o outro día e non me dou boa espiñada. Aínda dixen pr'o meu capote: «Esta besta d'o señor cura non-a atopo moi católica...»

SILVEST.—Boeno, pois non t'esquenzas. Vou-me. Conque, sigue amañando nos zocos, e non perdas tempo.

MIRIX.—Si, señor, sí; que remedio queda... Os probes van de romate...

SILVEST.—Vaia. Hastra logo.

MIRIX.—*El Señor le acompañe*, don Silvestriño. Señor cura...

SILVEST.—Qué queres?

MIRIX.—E non ha mirar pol-a casa á ver si atopo uns moreguís que lle non sirvan? Faguían-me falla unhas pezas pr'os zocos.

SILVEST.—Xa falaremos d'eso.

MIRIX.—Dios lle dea a groria. Vostede sempre tan dadiveiro...

SILVEST.—Ti sábelo toda.

MIRIX.—E mais si tivera algún cabiño de vela, me non viña mal. Aínda que veña unha tronada cólleme sin un grao de cera bendita na casa.

SILVEST.—E logo... xa romataches a que che dín? Pois mira que aínda era un bó lote.

MIRIX.—Era, señor, era; pro xa vé. Téñolle tanto medo á tronada. Aínda ben non-a sinto, poño velas alcendidas en todol-os recunchos da casa; así que logo lla derreto.

SILVEST.—Pois lémbreme despois. Xa xuntaremos unha pouca.

MIRIX.—Moi bó é vostede D. Silvestriño...

SILVEST.—Tampouco ti tes mal... Conque, adiós, e non faltés...

MIRIX.—Váíase tranquiliño, que en canto xante, aló me ten. Por mais que si ve que tal, vou antes.

SILVEST.—Deixa que, si Dios quer, non ha ser cousa de coidado.

MIRIX.—Eso, como vexa. Tanto me ten xantar unha hora antes como unha hora despois.

SILVEST.—Mirixildo... sábelo toda...

MIRIX.—Qué mal pensado é... Si daba eu n-iso, que aínda non chegue a mañán...

SILVEST.—N-o qué?

MIRIX.—No de xantar con vostede...

SILVEST.—E quen che falou d'iso?

MIRIX.—Pensei que se iba por ese camiño.

SILVEST.—Boeno, hom, boeno. Vai logo antes, e xantaremos xuntos.

MIRIX.—Perda coidado... Ben sabe que nunca me gustou incomodalo.

SILVEST.—Adiós, home, adiós.

MIRIXIL.—Vaia con todol-os santos, D. Silvestriño; Dios lle dea tanta saúde que non teña onde metela... Teña conta de non trompezar, que está o camiño moi malo...

PAROLA COARTA

MIRIXILDO, sô.

MIRIX.—Vaite que non-o fixen mal de todo... E aínda hai quen di que o señor cura é malo. Cra-ro; esta xente de agora todo se lle volve botar pestes contra dos cregos, falar mal dos caciques; que si o alcalde é asina; que si o segredario é andando; que si había que queimalos á todos... E, francamente, eso non é saber vivir. Terán moita razón; pero os probes non podemos predicar esas cousas, porque logo nos quitan o pan da boca... (Poñéndose á amañar nos zocos). Non me convén amañar os moito... Non vaia sel-o conto que se pense que llos pido de vicio...

(Cantando) Non hai home como Dios,

Nin muller como María,

Nin amigo como os cartos,

Nin luz como pol-o día.

PAROLA QUINTA

MIRIXILDO-ALEXANDRE, vello derrengado d'uns setenta anos.

ALEXANDRE.—Alabado sea Dios.

MIRIXILDO.—Pra sempre bendito, alabado.

ALEX.—El tés iso feito?...

MIRIX.—Teño, home, teño. Entra.

ALEX.—(Entrando). Dios garde todo... Ai... Voume sentar, que non podo mais connigo.

MIRIX.—Logo, atópaste pior?

ALEX.—Qué queres, home, qué queres? Casa vella todo é goteiras.

MIRIX.—Hay que ter pacencia. A culpa foi tua. Sempre vides cando o mal vai metido no corpo.

ALEX.—Ti que queres... O médico decíame que non fixera caso de menciñeiros...

MIRIX.—Si, eh. Pois ben pode gabarse que te deixou goapo...

ALEX.—Eu que sei, home; eu que sei. E mais por último, parcíame que me acertaba c'o mal. Recetóume unha i-auga que me foi moi boa.

MIRIX.—E que i-auga era?

ALEX.—Non che sei. E mais párceme que teño a receta no peto... Si; é ista.

MIRIX.—Empresta. Sempre será algunha caldupada das boticas. (Leendo). «Alco...hol...sin...plé...de 40...2...50 gramos. A...ce...i...te...de...crement...ti...na...100 ide...sal...de...monicaco...cinco...ide...» (Aparte). Calquera sabe ó que é isto. (A Alexandre). Coidado que son burros... Vaia que che foi dar... Ti non sabes o que é?...

ALEX.—Home, non...

MIRIX.—Isto é un calmante pr'adormecel-o delor.

ALEX.—Pode dar.

MIRIX.—Pois non ten que ver nada c'o teu mal. O teu delor está eiquí, na rabadén, n'estas

paletas que temos cabo dos vacíos, que ven sendo onde espiga o espiñazo e mais onde están amadriñadal-as misagras que terman das pernas...sabes?

ALEX.—Efeutivamente.

MIRIX.—Q'entenden eles d'iso. Menciñan por fora, pro non saben dicil-as palabras sagradas pra que as menciñas vaian por onde deben ir.

ALEX.—Pois, á ver, home; que como me poñas ben non has perder nada. Agora dime canto che debo.

MIRIX.—Verás... Dous reás de... esto e cinco cartos do outro, son tres reás menos un patacón. Dés cartos de... eso é, ven sendo unha peseta menos unha cadela, e un real por faguelo, ven sendo cinco reás menos unha cadela... Sabes?

ALEX.—Boh... Hasmo deixar en tres realíños.

MIRIX.—Así eu medre como non poido.

ALEX.—Boeno logo... Serán oito motas.

MIRIX.—Che digo que non poido... Abofé. Si puidera...

ALEX.—Pois d'aquela, toma a pesetiña e non digas nada.

MIRIX.—Bota un patacón mais. Ben sabe Dios que perdo. Todo isto sobeu moito por costión da guerra.

ALEX.—Cala, hom, cala. Pra outra vez xa non axustarei, pro agora tiven moitos atrasos co-a custión do meu fillo, e me non poido alargar.

MIRIX.—Xa souben, xa; pro á min dixéron-me que ti non tiveras que pagar nada.

ALEX.—Non; pro entre unhas cousas e outras o porquiño d'este ano comeuno o demo. E mais

poido dar gracias á Dios, porque onde se mete esa xente... Boeno, voume.

MIRIX.—Vaite, que tamén eu teño que habilitarme pra salir de camiño. E non t'esquenzas de me avisar cando deal-as fregas, pra eu decil-as oraciós.

ALEX.—Perde coidado que xa vou n'eso. Conque, adiós, e hastra outra.

MIRIX.—Adiós, home, adiós...

MIRIXILDO, sô.

MIRIXILDO.—Tal me valeu, que xa contei c'o axuste, que sinón...

(A-o púbrico). Boeno; vou rematal-os zocos pra ir xantar c'o crego; non vaia sel-o conto de que me quede sin talladas; e d'istas apáñanse poucas. Por iso, éche ben certo: «O que non sabe mañas»...

(Cantando). Non hai home como Dios,
Nin muller como María, etc., etc.

TELÓN

Supremo* Telón

Manoel S. Hermida

Rugas Mineiro-Medicinaes

:: Bicarbonatado-Sódicas ::

MONDARIZ

Fontes de **GIÁNDARA** e de **TRONCOSO**
(PONTEVEDRA)

**As mais alcali-
nas da Hespaña**

PROPIEDAD de os
Sres. Fillos de Peinador

Romero Irmáns

Armazém de ferretería, vidros, pin-
uras, ferros, aceiros, ferramentas,
sulfato de cobre, carburo de calcio, etc.

Os mais importantes e sur-
tidos da comarca. Proveedores
dos Arsenaes.

O FERROL

Vda. e fillos de Pedro Fernández

Armazém de maquinaria
e materiaes eléctricos

Encárgase de toda crás
de instalaciós do ramo

Canalexas, 91. Ferrol.

ULTRAMARINOS FINOS

DA

Vda. de Rogelio Pardo

Carmen, 17 e Sagasta, 20

FERROL

A casa mais surtida e d'ar-
tigos mais finos.



Especialidade en cafés
e chocolates
feitos á brazo.

Xulio F. Couto e C.^a

FERRETERÍA E BAZAR

Baterías de cocíña. Linolios. Xo-
guetes. Cadros e molduras. Artigos
pra regalos, etc.

Real, 133 e 135 - FERROL

Saturnino Montalbo

Imaxes e ouletos d'eirexa. Pianos
e pianolas. Óptica Prateira, mostrei-
ra e xoveira. Artigos fotográficos,
de caza, de viaxe y-sport. Thermos.
Gramófonos e discos. Música e in-
strumentos musicaes.

COCHES PRA NENOS

Rua Real, 117 Ferrol.

RAFAEL E VICENTE

COMERCIO DE TECIDOS

XASTREIRÍA CIVIL E MILITAR

TODO NOVO == CANALEXAS, 75

FERROL

Un ollo de vidro

(Memorias d'un esquelete)

Un ollo de vidro

(Memorias d'un esquelete)

Un ollo de vidro

(Memorias d'un esquelete)

IMP. Y EST. "EL CORREO GALLEGO" FERROL.

99921 ±

